

## **REGULAMENTO DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS (CITIC) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (Aprobado no Consello de Goberno do 28/04/2021)**

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns (CITIC) é unha estrutura organizativa propia da Universidade da Coruña, creado no ano 2007 e que, en consonancia coa **Normativa de creación de centros de investigación da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 26/11/2020 e modificada o 25/03/2021)**, persegue os seguintes fins:

**Misión:** o CITIC é un Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns, creado para proporcionar coñecemento científico e capacidades altamente cualificadas en beneficio da sociedade.

**Visión:** o CITIC quere ser un centro de investigación TIC de referencia nacional e con proxección internacional, recoñecido pola excelencia do coñecemento xerado no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacóns e a transferencia efectiva de resultados á sociedade.

**Valores:** o CITIC ten como valores a integridade profesional, o compromiso para xerar ciencia de fronteira, a proactividade para colaborar coa industria, o liderado rexional, e o compromiso institucional coa sociedade.

Debido á expansión e ao desenvolvemento que experimentou o centro durante os últimos anos e ao recoñecemento como centro de investigación do SUG, faise necesario adecuar a súa estrutura organizativa á nova realidade e manter as súas finalidades. Para poder asumir estes obxectivos, a Universidade velará para que o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns dispoña dun equipamento idóneo e dun persoal cualificado, e baseará o seu funcionamento neste regulamento e nos preceptos que emanaren da lexislación vixente e dos acordos do Consello de Goberno da Universidade da Coruña que lle foren aplicables.

### **TÍTULO I**

#### **NATUREZA E FINALIDADES DO CITIC**

##### **Artigo 1. Denominación, réxime xurídico e adscrición**

1. O CITIC é un centro propio especializado da Universidade da Coruña (UDC) na investigación e transferencia en materia de tecnoloxías da información e das comunicacóns.
2. O CITIC réxese por este regulamento, os Estatutos e normas propias da UDC que lle sexan de aplicación e mais pola lexislación xeral de procedemento, universitaria, científica e tecnolóxica que lle sexa de aplicación.
3. O CITIC está adscrito organicamente á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia ou á vicerreitoría equivalente da UDC.

##### **Artigo 2. Finalidades do CITIC**

1. Constitúen finalidades do CITIC:

- a) Ser o centro de investigación nas Tecnoloxías da Información e as Comunicacions de referencia na comunidade galega, e con proxección e relevancia no eido nacional e internacional.
- b) Actuar como facilitadores da innovación dixital en todos os eidos de investigación da UDC.
- c) Servir de ponte entre a investigación máis punteira e os sectores produtivos.
- d) Canalizar e fomentar a I+D+i do persoal investigador do centro.
- e) Dar soporte ás actividades en I+D+i do seu ámbito de actuación.
- f) Desenvolver os métodos e as técnicas de apoio á investigación para mellorar e ampliar as prestacións, de acordo coas directrices da política científica da Universidade da Coruña.
- g) Proporcionar formación técnica especializada no seu ámbito de actuación.
- h) Contribuír como elemento activo nas relacións universidade-empresa e, en xeral, universidade-sociedade, para impulsar a transferencia e valorización de resultados de investigación.
- i) O posicionamento e a internacionalización como centro de investigación e fomentar a creación de novas alianzas e colaboracións.
- j) A difusión e divulgación da súa investigación á sociedade en xeral.

2. Para lograr estas finalidades, o CITIC desenvolverá cantas funcións e actividades resultaren necesarias de conformidade co disposto coa súa natureza e a normativa de aplicación.

## TÍTULO II

### ESTRUTURA E XESTIÓN

#### Artigo 3. Membros

1. Son membros do CITIC:

- a) Persoal investigador (a partir de agora PDI), funcionario ou con relación contractual coa UDC, adscrito ao CITIC.
- b) Investigadores en formación adscritos ao CITIC, que contén, así mesmo, coa dirección dun investigador/a adscrito/a ao CITIC.
- c) Persoal técnico de xestión, laboratorio ou informático adscrito ao centro segundo o disposto na respectiva normativa de adscrición.
- d) Persoal de administración e servizos (a partir de agora PAS) adscrito ao centro.
- e) Investigador/a colaborador/a: persoal investigador doutras entidades que conte cunha probada traxectoria profesional de excelencia. Poderá ser proposto por un membro permanente do centro ou da SAB (SAB- Scientific Advisory Board) e deberá contar coa aprobación expresa do Comité de Dirección. Esta figura terá un carácter excepcional e o seu número non poderá superar o 20 % do total de membros.

2. A adscrición ao centro realizarase de maneira individual, exclusivamente para efectos da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, e sen perda



da adscrición ao departamento/facultade/escola e grupo de investigación a que pertenza nin menoscabo das súas obrigas. Ningún investigador ou investigadora poderá estar simultaneamente adscrito a máis dun centro de investigación da UDC, salvo no caso de centros interuniversitarios segundo a proporción que se estipule, e cumprindo a normativa de adscrición ao centro.

3. O PDI, permanente e non permanente, así como as figuras derivadas das políticas de captación de talento posdoutorais que soliciten adscribirse ao centro (como InTalent, Beatriz Galindo e Ramón y Cajal...), deberano solicitar de maneira expresa e presentar a documentación que, no seu momento, a dirección do centro lles solicite. No caso de que o investigador pertencese a un centro de investigación antes de se adscribir ao novo centro deberá presentar o documento de desvinculación do centro saínte.

A adscrición dos investigadores en formación e técnicos será responsabilidade do seu investigador principal.

4. A adscrición terá unha duración mínima de catro anos a partir da data de autorización e unicamente poderá ser revogada polo Comité de Dirección por causa debidamente xustificada.

5. O Comité de Dirección (a partir de agora CD), co asesoramento da Comisión Asesora Externa (SAB), deseñará os criterios de avaliación específicos e designará unha comisión avaliadora que revise, cada catro anos, a permanencia dos investigadores no centro. Os criterios de avaliación aplicables estarán indicados na normativa interna de adscrición ao centro

6. A perda da condición de membro do CITIC prodúcese de acordo co indicado na respectiva Normativa de adscrición do centro.

#### **Artigo 4. Goberno. Órganos unipersoais e colexiados**

1. Os órganos de goberno do centro serán os seguintes:

a) Órganos colexiados

- Consello Reitor
- Comité de Dirección
- Comisión Asesora Externa

b) Órganos unipersoais

- director/a
- subdirector/a

#### **Artigo 5. Consello Reitor**

1. O Consello Reitor, órgano superior de goberno do centro, estará composto, polo menos, polas seguintes persoas:

- a) O/a reitor/a da Universidade, que o presidirá e convocará, ou persoa en quen delegue.
- b) O/a vicerreitor/a con competencias en investigación, ou persoa en quen delegue.
- c) Un/unha vogal en representación do Consello de Goberno da UDC, nomeado/a polo/a reitor/a.

- d) De as haber, unha representación das institucións públicas ou privadas que contribúan de maneira substancial e estable ao financiamento ou á actividade investigadora do centro.
- e) O/a director/a, que será nomeado/a polo reitor/a, por proposta do vicerreitor/a competente en materia de investigación, por un período de 4 anos.
- f) O/a subdirector/a que actuará, así mesmo, como secretario/a do Consello Reitor, e que será nomeado/a polo/a reitor/a, por proposta da persoa que ostente a dirección do centro, por un período igual ao que lle reste de mandato á dita persoa.

2. Os membros universitarios deberán representar sempre a maioría do Consello Reitor.

3. O Consello Reitor reunirse, polo menos, unha vez ao ano en sesión ordinaria e en sesión extraordinaria as veces que sexa necesario.

4. Sen menoscabo das competencias que, de acordo coa normativa vixente, sexan propias dos órganos superiores de goberno da UDC, son competencias do Consello Reitor do centro as seguintes:

- a) Aprobar o programa xeral de actividades e o Plan estratéxico do centro e as súas modificacións.
- b) Aprobar a proposta do orzamento de ingresos e gastos, así como a liquidación deste que, acompañada da memoria de actuación, remitirá anualmente ao Consello de Goberno da UDC.
- c) Artellar programas que reciban achegas do sector público comunitario, estatal, autonómico ou local, e dos sectores privados, universitarios ou organizacións internacionais.
- d) Proporlle ao Consello de Goberno da UDC a incorporación doutras entidades públicas ou privadas ao Consello Reitor, de acordo co previsto no presente regulamento.
- e) Proporlle ao Consello de Goberno da UDC un regulamento de réxime interno, ou a súa modificación cando proceder.
- f) Propor o nomeamento ou cesamento dos membros do Comité de Dirección
- g) Propor o nomeamento ou cesamento dos membros da Comisión Asesora Externa
- h) Acordar a proposta de cesamento de quen dirixa o centro, cando concorran as ditas circunstancias.

### **Artigo 6. Comité de Dirección**

O Comité de Dirección (CD) será un órgano colexiado competente para desenvolver as liñas estratéxicas do centro, cuxos membros serán nomeados pola persoa que o dirixa, por proposta do Consello Reitor.

1. O Comité de Dirección (CD) estará integrado por un número de entre dez e vinte membros; integrado polo/a director/a do CITIC, que o presidirá (ou persoa en quen delegue); polo/a subdirector/a do CITIC, que actuará de secretario/a; e investigadores permanentes adscritos ao centro que actuarán como vogais.



2. Os membros representativos do Comité de Dirección serán elixidos/as de acordo co disposto na normativa interna de elección de membros dos órganos colexiados e comisións delegadas do centro. O seu mandato terá unha duración de catro anos, renovables. O Consello Reitor deberá referendar as propostas de membros ao Comité de Dirección.

3. Son competencias do Comité de Dirección:

- a) Promover, tras o informe da Comisión Asesora Externa ou comisión delegada, procesos de avaliación da actividade I+D+i do Centro.
- b) Propor, tras o informe da Comisión Asesora Externa ou comisión delegada, a política de adscrición do persoal investigador ao CITIC.
- c) Suxerir, tras o informe da Comisión Asesora Externa ou comisión delegada, os criterios de avaliación da actividade científica do persoal investigador adscritos ao Centro.
- d) Propor os plans de actuación e as memorias do CITIC.
- e) Suxerir, por proposta da dirección, a solicitude de axudas ou subvencións, así como a participación do Centro en proxectos ou contratos.
- f) Propor a realización de novas infraestruturas ou a mellora das existentes.
- g) Propor a modificación do regulamento de funcionamento do centro.
- h) Propor a creación ou modificación de normativas internas de funcionamento do Centro.
- i) Informar o Consello Reitor e suxerirle medidas e accións respecto da actividade do centro.

4. O Comité de Dirección realizará polo menos dúas sesións ordinarias cada ano.

#### **Artigo 7. As comisións delegadas do Comité de Dirección**

O Comité de Dirección actúa en pleno ou a través das comisións delegadas que se poidan crear *ad-hoc* para tratar tarefas puntuais.

Estarán presididas polo/a director/a e/ou subdirector/a, ou por quen deleguen, que actuará como secretario/a, e integradas por varios membros—representantes dos investigadores, que serán elixidos de acordo co disposto na normativa interna de elección de membros dos órganos colexiados e comisións delegadas do centro, e de acordo coa función que terán que desempeñar.

#### **Artigo 8. Comisión Asesora Externa**

1. A Comisión Asesora Externa (SAB- Scientific Advisory Board) é unha comisión de carácter asesor, integrada por científicos de prestixio no eido das tecnoloxías da información e das comunicacións.

2. É designada polo reitor, ou vicerreitor con competencias en investigación, por proposta do Consello Reitor do centro, que establece o seu réxime de funcionamento.

3. Está integrada por un máximo de quince investigadoras e investigadores de recoñecido prestixio de fóra da UDC, por períodos de seis anos.

4. A Comisión Asesora Externa escollerá de entre os seus membros aquela persoa que teña que ostentar a presidencia.



5. A Comisión Asesora Externa desenvolverá as funcións seguintes:

- a) Asesorar a Dirección e o Consello Reitor sobre a definición temática e a orientación da investigación que se desenvolve no centro, así como sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno.
- b) Asistir a Dirección e o Consello Reitor sobre o seguimento da evolución da investigación e do centro e da transferencia dos resultados da investigación.
- c) Avaliar periodicamente a actividade científica dos investigadores/as vinculados ao centro, e emitir os correspondentes informes de valoración.
- d) Informar sobre o interese da vinculación de novos investigadores/as titulares e/ou asociados/as ao centro.
- e) Avaliar anualmente as memorias de actividades do centro.
- f) Avaliar globalmente cada catro anos a actividade do centro.

### **Artigo 9. Dirección do CITIC**

1. O/a director/a do CITIC será nomeado/a polo/a reitor/a por períodos de catro anos, renovables, por proposta do/a vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia ou vicerreitoría equivalente, entre PDI en servizo activo e a tempo completo da UDC.

2. O director/a do CITIC terá dereito aos complementos retributivos e á redución docente establecidos para as persoas que ocupen a dirección ou o decanato das facultades e escolas da UDC.

3. A perda da condición de director/a do Centro prodúcese por renuncia, perda da condición de PDI ou da dedicación a tempo completo ou cesamento acordado polo/a reitor/a, por proposta do/a vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia ou vicerreitoría equivalente.

4. Serán funcións da Dirección as seguintes:

- Exercer a dirección e xestión ordinaria do centro e executar os acordos do Comité de Dirección e do resto de comisións dependentes.
- Definir a estratexia do centro, en consonancia co Comité de Dirección e a SAB.
- Exercer a representación institucional do centro.
- Velar polo cumprimento das funcións encomendadas ao persoal adscrito do centro, co fin de asegurar a calidade das actividades que nel se desenvolvan.
- Impulsar, coordinar e informar da elaboración e presentación de proxectos e actividades de investigación, desenvolvemento e innovación, e da transferencia tecnolóxica de interese xeral.
- Administrar o orzamento asignado ao centro e responsabilizarse da súa correcta execución.
- Xestionar a dotación de infraestruturas necesarias e asegurar a súa utilización eficiente polo persoal do centro.
- Asegurar a publicidade de canta documentación sexa necesaria para unha mellor información da comunidade universitaria do centro.
- Impulsar as relacións do centro coa sociedade.

- Proporlle ao Consello Reitor as directrices xerais de actuación para o centro e presentar a memoria anual de xestión para a súa aprobación.
- Informar sobre a memoria anual de xestión ao Comité de Dirección.
- Informar anualmente á comunidade do Centro das accións que se desenvolveron.
- Asumir calquera outras competencias que as leis, os Estatutos da Universidade ou as súas normas lle atribúan, ou ben lle sexan delegadas polo Consello Reitor.

### **Artigo 10. Subdirección do CITIC**

1. O/a subdirector/a do CITIC será nomeado/a polo/a reitor/a por un período de catro anos, renovables, por proposta do director e co conseguinte visto e prace do/a vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia ou vicerreitoría equivalente, entre PDI a tempo completo da UDC.

2. O/a subdirector/a do CITIC terá dereito aos complementos retributivos e á redución docente establecidos para as persoas que ocupen as direccións de departamentos da UDC.

3. A perda da condición de subdirector/a producirase por renuncia, perda da condición de PDI ou da dedicación a tempo completo ou cesamento acordado polo/a reitor/a, por proposta do/a vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia ou vicerreitoría equivalente.

4. O/a subdirector/a exercerá as funcións que lle asigne o director/a e as que están recollidas neste regulamento.

## **TÍTULO III**

### **CONTROL E AVALIACIÓN**

#### **Artigo 11. Calidade**

1. O CITIC elaborará cada ano unha memoria das actividades realizadas, ben como unha proposta de obxectivos estratéxicos para o período seguinte, que inclúa indicadores específicos que permitan avaliar a actividade desenvolvida ou ben como unha planificación estratéxica.

2. A memoria deberá incluír os informes de avaliación da actividade do centro no período de referencia, dirixida pola Comisión Asesora Externa de acordo co disposto no artigo 8.

#### **Artigo 12. Ética na Investigación**

O CITIC desenvolverá as súas actividades de conformidade cos estándares éticos máis elevados, baixo a supervisión do Comité de Ética na Investigación e na Docencia da UDC.

#### **Artigo 13. Contratación de persoal**

O CITIC adoptará cantas medidas sexan precisas para asegurar que na contratación de persoal adscrito aos grupos e proxectos vinculados ao CITIC se cumpra a lexislación e os convenios colectivos de aplicación, ben como criterios de selección compatibles cos selos de excelencia obtidos polo centro e pola UDC, como o HRS4R da Comisión Europea, e calquera outro que aplique.

#### **Artigo 14. Igualdade de xénero**

O CITIC aplicará con carácter transversal en todas as súas actividades políticas as medidas adecuadas para eliminar calquera desigualdade, directa ou indirecta, entre homes e mulleres, en coordinación coa Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC.

#### **Artigo 15. Normalización e promoción da lingua galega**

De conformidade co Regulamento de usos da lingua galega na UDC, o CITIC empregará o galego como lingua de uso normal no seu funcionamento e na súa proxección externa e promoverá de forma activa o uso da lingua galega nas actividades científicas que se desenvolvan no Centro.

### **TÍTULO IV**

#### **BENS E INFRAESTRUTURAS**

##### **Artigo 16. Instalacións**

1. As instalacións do CITIC atópanse nos edificios CITIC e Anexo CITIC. O uso dos diferentes espazos estará definido pola dirección do Centro co informe favorable do Comité de Dirección, tras o informe favorable do/a vicerreitor/a de Política Científica, Investigación e Transferencia, ou vicerreitoría equivalente.

2. Mediante autorización ou concesión, segundo proceder, o CITIC poderá ceder o uso de espazos nas súas instalacións a empresas cuxa actividade estea relacionada coas tecnoloxías da información e das comunicacións.

### **TÍTULO V**

#### **RÉXIME ECONÓMICO**

##### **Artigo 17. Xestión económica**

1. Os orzamentos da UDC conterán a dotación económica do CITIC.

2. Os gastos do CITIC serán autorizados pola Dirección do Centro.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico da UDC.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA**

Os integrantes do actual Comité Científico do Centro pasarán a integrar o seu Comité de Dirección.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA**

Os integrantes do actual Comité Asesor Externo manterán a súa condición na nova Comisión Asesora Externa, para se adecuar ao novo regulamento do centro.